



COMUNICACIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR NA CORUÑA, RELATIVA Á CELEBRACIÓN DUN SORTEO PARA DIRIMIR O EMPATE NO PROCEDEMENTO DE INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN PARA O RECURSO ESPECÍFICO PERCEBE, MODALIDADE A PÉ E DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE LAXE

Antecedentes

1. Mediante a resolución de 24.02.2023, esta xefatura territorial abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe (en diante, o plan de xestión).
2. O 23.03.2023 esta xefatura territorial ditou Resolución pola que se publicou a lista coas puntuacións provisionais das embarcacións admitidas ao proceso e a lista definitiva de embarcacións excluídas, con 17 embarcacións admitidas e ningunha excluída. Nesta resolución outorgouse un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación, para efectuar alegacións ás puntuacións provisionais outorgadas polas persoas interesadas. Transcorrido o prazo indicado, non se recibiu ningunha alegación.
3. O 21.04.2023 esta xefatura territorial ditou Resolución pola que se aprobou e publicou a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión e as puntuacións definitivas.
4. Está xefatura territorial ten previsto ofertar as sete (7) cotas vacantes actualmente no plan de xestión. Porén, na lista aberta obsérvase un empate, con 7,00 puntos, entre tres (3) embarcacións que optarían á última das cotas a ofertar. Xa que logo, é necesario desfacer este empate para establecer a orde de prelación entre elas previamente á publicación da oferta das cotas dispoñibles.
5. O apartado A.8 do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de





captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos establece que:

"En caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación".

En virtude de todo o anterior,

COMUNICO:

A celebración dun sorteo público presencial na sede da Xefatura Territorial da Consellería do Mar de A Coruña para dirimir o empate xurdido entre embarcacións que solicitaron a súa inclusión nas listas para o incremento do número de cotas de captura para o recurso específico percebe, modalidade dende a pé e dende embarcación, da confraría de pescadores de Laxe.

Lugar da celebración:

Xefatura Territorial da Consellería do mar de A Coruña
Rúa Ramón y Cajal nº 2, 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña

Data:

Mércores 3 de maio de 2023.

Hora:

12.00 h en primeira convocatoria e 12.30 h en segunda convocatoria

Relación de embarcacións empatadas:

Embarcación	Matrícula	Folio	Total
LAXEIRA	CO-3	2-04	7,00
RIA DE LAXE	CO-3	4-93	7,00
SEGUNDA ORLINDA	CO-3	1-02	7,00

Aínda que a embarcación RIA DE LAXE CO-3-4-92 non vai ser obxecto neste momento da oferta de cotas por ter actualmente as máximas que permite o seu certificado de conformidade, si participa no sorteo para establecer a orde de prelación que será definitiva na lista aberta.

Posto que se trata dun sorteo público, pode acudir calquera persoa interesada.

Por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, esta





comunicación de sorteo publicárase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal> e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Este anuncio tamén se realizará, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da xefatura territorial de A Coruña e da confraría de pescadores de Laxe.

Levantarase acta da realización do sorteo que reflectirá a orde de prelación das embarcacións e persoas aspirantes empatadas para continuar coa tramitación do proceso de selección.

A xefa territorial
M^a José Cancelo Baquero
(sinatura dixital)

